

Lei 14/1991, do 17 de decembro, de modificación do artigo 4, punto d), parágrafo dous, da Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1991

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 211, do 16.11.1991.

Acordo de tramitación polo procedemento de lectura única, DSPG núm. 89, do 19.11.1991; BOPG núm. 211, do 16.11.1991.

Emendas, BOPG núm. 215, do 29.11.1991.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 93, do 3.12.1991.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 219, do 7.12.1991.

Diario Oficial de Galicia núm. 246, do 20.12.1991.

Boletín Oficial del Estado núm. 127, do 27.5.1992.

Lei 14/1991, do 17 de decembro, de modificación do artigo 4, punto d), parágrafo dous, da Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1991

O artigo 4, punto d), da Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1991 autoriza ó conselleiro de Economía e Facenda a xerar crédito no programa 531B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», por un importe igual á diferenza que poida existir entre a liquidación definitiva da porcentaxe de participación nos ingresos do Estado en 1990 e a estimada no estado de ingresos para o presente exercicio.

O parágrafo dous dese mesmo punto engade que o crédito, así xerado, será destinado a ampliala dotación do Fondo Galego de Cooperación Local.

Este tallante imperativo impídelle á Administración autonómica atender calquera outro tipo de necesidades, incluso aquelas ás que o seu contido social ou a súa evidente urxencia sinalan como absolutamente prioritarias.

Faise, pois, conveniente a modificación do parágrafo dous do punto d) do artigo 4 da Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1991.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de modificación do artigo 4, punto d), parágrafo dous, da Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1991.

Artigo único

O parágrafo dous do punto d) do artigo 4 da Lei 1/1991, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1991, queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 4, punto d), parágrafo dous:

«Como mínimo o 10% deste crédito será destinado a ampliala dotación do Fondo Galego de Cooperación Local.»

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 1991

Manuel Fraga Iribarne
Presidente